



CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓN HOSTALEIROS DE GUITIRIZ

INTRODUCCIÓN

Reunidos,

Dunha parte Dña. Marisol Morandeira Morandeira, con NIF 32776632E Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz (Lugo), con CIF P2702200C.

E doutra D. Dositeo Santos Pérez, con NIF 33321180E, presidente da Asociación de Hostaleiros de Guitiriz con NIF/CIF G27462787 con domicilio ós efectos de notificacións en Rúa do Mercado, 10, 27300, Guitiriz, enderezo electrónico: info@debares.org e número de teléfono 679524098.

Ámbolos/las dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e suscribilo presente convenio.:

CONSIDERAN

- I- Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigo 47 da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do sector público.
- II- Que en virtude do establecido no orzamento para o 2021 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscrición do presente convenio na aplicación orzamentaria 338.48900 polo importe de SEISCENTOS EUROS (600,00€) e para a actividade referida á financiación de 30 vales de 20€ cada un que se sortearán entre todos os inscritos tanto na carreira popular como na andaina, para gastar en establecementos de hostalería situados neste Concello, cun prazo ata o 30 de maio de 2021.
- III- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, na Lei de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Guitiriz é preciso a formalización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Guitiriz no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido nas devanditas normas.
- IV- Que por resolución de alcaldía 2021-0 , de data aprobou a concesión da subvención e a sinatura obxecto do presente convenio.



CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178
.....

En base a todo o anterior suscriben o presente Convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

1ª OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Guitiriz e o beneficiario co fin de realizar a actividade subvencionada indicada no considerando II.

2ª ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O Concello de Guitiriz comprométese a facilitar ao beneficiario a cantidade indicada no considerando II, en concepto da organización e actuación nas actividades sinaladas na cláusula 1ª deste convenio. O pago da aportación farase con carácter pospagable, unha vez xustificada a subvención e dunha vez, debendo inescusablemente xustificarse nos termos que se concrete, constando no momento da firma do presente convenio, os documentos seguintes:

1. NIF/CIF do beneficiario.
2. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2021, referidos á actividade subvencionada.
- 3.- Declaración responsable asinada polo representante do beneficiario/polo beneficiario, na cal se determina que se cumplan todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dito beneficiario non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 4.- Declaración do <beneficiario> <representante da entidade beneficiaria> no que se reflexen as subvencións para a mesma finalidade solicitadas a outros organismos, tanto públicos como privados teñan sido concedidas ou non, indicando a contía e o concepto para o que foi solicitada/concedida.
5. – Indicación do número de conta a nome do beneficiario, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
- 6.- Acta da assemblea da asociación (de ser o caso) no que quede reflexada a vixente composición do órgano de dirección.

3ª GASTOS SUBVENCIONABLES.



CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido <<ata o 30 de maio do ano 2021>>.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros deudores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais

- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición de conta xustificativa simplificada, nos termos do artigo 75 do RD 887/2006, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario. Á dita conta xustificativa acompañarase a seguinte documentación:

- a) Declaración das actividades realizadas e do custo das mesmas, con indicación da porcentaxe que foi cuberta con subvención.
- b) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa (orixinais ou copias compulsadas). Neste sentido, presentaránse referidas aos 30 vales sorteados, para así acreditar o fin da subvención.
- c) Declaración de que se realizaron os fins para os que foi concedida a subvención e que as facturas e/ou documentos que se presentan como xustificación foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- d) Se a actividade tamén fora subvencionada por outra entidade pública ou privada, deberá presentarse copia da resolución comunicando a concesión da axuda, sen que, en ningún caso, o importe conxunto de tódalas axudas poida ser superior ao gasto realizado.
- e) Declaración responsable asinada polo beneficiario / Representante da Entidade, na cal se determina que, no momento da xustificación, se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas
- f) Documentación acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

O beneficiario obrígase a realiza-las xestións oportunas para levar a bo termino ditas actividades, comprometéndose a destina-lo importe da cantidade recibida do Concello de Guitiriz ó desenvolvemento das mesmas.



CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178
.....

En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades indicadas polos membros da entidade beneficiaria terán vinculación ou relación laboral ou fiscal co Concello de Guitiriz

5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

1º.- Cumpri-los obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.

2º.- Xustifica-la execución das actividades e a realización dos gastos e os correspondentes pagos conforme a este convenio e á normativa aplicable, como data límite o 31/07/2021.

3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

4º.- Comunica-la obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

5º.- Incluír o logo (Escudo e nome do Concello) en todos os carteis e en todas as campañas de difusión publicitarias das actividades subvencionadas.

Para obter o logo en formato dixital, poden solicitalo ben de xeito presencial no Concello, por teléfono no 982 370 109 ou ben por e-mail en info@concellodeguitiriz.com

6º.- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Tesourería Municipal, comprobará, de oficio, que a entidade beneficiaria está o corrente coa Facenda Municipal.

6ª VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención, a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, e o pago da subvención por parte do concello.

7ª CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio podrá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello de Guitiriz e polo representante da entidade beneficiaria.



CONCELLO DE GUITIRIZ

Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372178

Non obstante, a entidade beneficiaria estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requerida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003 e demais concordantes.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requerimentos de xustificación que poda face-la Intervención ou o órgano municipal competente.

8ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calqueira dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que pudiesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.

En Guitiriz, a 19 de Abril de 2021.

POLO CONCELLO



A Alcaldesa-Presidenta
Asdo.- Marisol Morandeira Morandeira



POLO BENEFICIARIO



<O Representante>
Asdo.- Dositeo Santos Pérez

